

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 5 DE MAIO DE 2008

LICENZAS

FAVORABLES.-

261/08.- Xunta, Consellería de Sanidade.- Diversas actuacións nas fachadas do Hospital Quirúrxico de Conxo.-

2338/07.- José Carlos Taibo Rivera e Dna. Nuria García Munín.- Viv. unif. na R/ A Susana, núm.32, Marrozos.-

55/08.- Ramón Alfonso Casal Aldonza.- Viv. unif. en Outeiro Vello, Castiñeirío.-

1563/07.- Luís Suárez Sexto.- Viv. unif. en Carballal, parcela 2.303 de concentración de Sabugueira, Carballal, (permiso de inicio de obras).-

121/08.- Ana M^a Vilariño Pérez e D. Jesús Picón Fernández.- Derruba de viv. unif. e galpóns anexos no Lugar de Aldea de Abaixo núm.9, A Sionlla.-

122/08.- Ana M^a Vilariño Pérez.- Viv. unif. no Lugar de Aldea de Abaixo núm.9, A Sionlla-

PRÓRROGA.-

1003/08.- José Montero Martínez.- Viv. unif. en Lugar de Lamas de Laraño, núm.32,B (+).-

PARCELACIÓNS.-

2569/07.- Ana José Peña Dopazo.- Parcela sita no Lugar de Reibo núm.2 (+).-

441/08.- Hostal San Lorenzo, S.L.- Parcela 452-2 de concentración de Sta M^a de Vilestro (+).-

DEVOLUCIÓNS FIANZAS.-

586/08.- Julio Torres Fernández.-Expte...1716/01.....2.485,79 €-

680/08.- Alcomte Galicia, S.L.-Expte 318/06.....4.500 €-

740/08.- Gumersindo Dafonte Fernández.....Expte.....1513/02.....2.765,00 €-

989/08.- José Noya Fernández.....Expte.....569/06.....2.000 €-

546/08.- Cristobal García Blanco.....Expte...1900/06.....1.000 €-

581/08.- Proyelinka, S.L.-.....Expte...1353/03.....2.000 €-

4.- Propostas da Concelleira Delegada de Benestar Social relativas a axudas de carácter social.
Apróbanse axudas por un importe de 7.154 euros.

5.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas do Casco Histórico.

Apróbase inicialmente unha axuda de 1.456 euros e outra de 3.975 para dúas vivenda sitas nas rúas Cardeal Payá e Castiñeiros, respectivamente.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á cesión gratuíta a favor da Comunidade Autónoma de Galicia da parcela SC-2 da OE-5 de Galeras, para destinala a CENTRO DE SAÚDE (ambulatorio).

Ratifícase o devandito convenio. (Parcela SC-2: 958,62 metros cadrados).

7.- Proposta da alcaldía relativa á corrección do erro no acordo adoptado o 21 de abril de 2008, de Creación dunha comisión para a avaliación dos proxectos gañadores no concurso de ideas para a reordenación da Praza de Galicia.

Corríxese o devandito erro.

8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación definitiva do expediente complementario do proxecto de compensación da unidade de xestión número 15 (UX-15) para traslado de servidume de paso.

Apróbase definitivamente o expediente complementario do proxecto de compensación da UX-15, co conseguinte traslado da servidume que grava a parcela de orixe 9 á parcela de resultado 1 (bloque leste).

9.- Proposta da concelleira delegada da área social relativa ao outorgamento de concesión a favor da Comunidade Autónoma de Galicia sobre o inmovible municipal sito na carballeira de San Lourenzo para a implantación nel dun Centro Autonómico de recuperación integral para mulleres que sofren violencia de xénero.

Acórdase outorgar a concesión gratuíta a favor da Comunidade Autónoma de Galicia polo prazo de 15 anos prorrogables por dous períodos consecutivos de 5 anos do inmovible sito na carballeira de San Lourenzo.

10.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación das bases reguladores e convocatoria de axudas para a rehabilitación de elementos especiais de madeira dos inmobles da cidade histórica concedidas polo Consorcio de Santiago.

Apróbanse as bases e a convocatoria de axudas para o ano 2008.

11.- Corrección de erro no punto nº 9 da sesión de data 07.07.03, titulado "Proposta do concelleiro delegado de Tráfico relativa á cesión de material non utilizado ao Concello de Boqueixón".

Corríxese o devandito erro.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa ao proxecto da conca do río Aríns.

Apróbase un cambio de partida orzamentaria.

13.- Proposta da conceleira delegada de Persoal relativa ao nomeamento dun funcionario interino como uxier.

Acórdase o devandito nomeamento.

14.- Proposta da concelleira delegada de persoal relativa ao nomeamento de funcionario/as de Carreira, correspondentes ás prazas da Oferta de Emprego de 2004.

Acórdase o nomeamento de 4 funcionarios.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Comercio e Turismo relativa á aprobación do proxecto de sinalización do tramo urbano do Camiño de Santiago Francés.

Apróbase o proxecto de sinalización do tramo urbano do Camiño de Santiago Francés.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude relativa á solicitude de subvención á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para a realización de actividades dirixidas á Xuventude.

Apróbase a solicitude dunha subvención de 19.022 euros á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ao abeiro da orde do 31 de marzo de 2008 pola que se convocan subvencións destinadas

ás entidades locais de Galicia dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2008.

17.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación das actividades con motivo do DÍA ESCOLAR DAS MATEMÁTICAS.

Apróbanse as actividades que terán lugar o vindeiro día 12 de maio con motivo do Día Escolar das Matemáticas.

18.- Propostas do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á diversas Asistencias Técnicas para a impartición de cursos.

Apróbase a realización de tres servizos docentes para cubrir a actividade docente do curso de xardinería por un importe total de 32.340 euros.

19.- Proposta da concelleira delegada de Política lingüística relativa á aprobación da campaña "MAIO DAS LETRAS 2008".

Apróbase a campaña e un orzamento de 23.722 euros.

20.- Dar conta do escrito da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información relativo á ampliación do prazo de execución e xustificación de actuacións dun proxecto.

Dáse conta da ampliación do prazo de execución e xustificación das actuacións do proxecto desenvolvemento do servizo e despregue dunha rede wimax ata o 31 de decembro de 2008.